

## Licenzas con Xistra

Os dous requisitos para ser socio/a de Xistra é **pagar a cota anual (10? - ano 2019)** e **tramitar a licenza deportiva FEDME a través do noso club.**

Os prezos da licenza para **2019** son os que podedes descargar neste enlace -> [PrezosLicenzaFGM2019](#)

Nestes prezos van incluídas as cotas da Federación Galega de Montañismo, da FEDME (Federación Española de Deportes de Montaña e Escalada), e o seguro médico de accidentes deportivos na montaña. Elixo a túa licenza pensando na actividade que vas facer. Se despois queres facer máis cousas, podes pedir unha ampliación de coberturas (consultar no club).

**Oferta especial para socios infantís 2019 ATENCIÓN: Dende o 1/01/2018 ata o día 31/03/2018, XISTRA vai facer unha oferta destinada a tódolos nenos e nenas de menos de 13 anos. Os socios infantís que se inscriban nese periodo terán a licenza federativa e a cota social 2019 gratuíta (o que supón un agasallo de 30?).** O único requisito é que un adulto (pai, nai ou titor legal) tramite conxuntamente a súa licenza e cota anual (Sempre 1 a 1, un neno - un adulto).

Agardámosvos.

(Nota: a licenza infantil será A ou B; para categorías superiores deberán abonar a totalidade).